

COPLAS MATOS PRIMEIRO E SEGUNDO

**Comezamos estes Maios
con alegría e ilusión,
somos primeiro e segundo
iniciamos a canción.**

**Ailalelo ailalelo,
Ailalelo ailalá
somos primeiro e segundo
iniciamos a canción.**

**Temos nova biblioteca
con moita información,
con libros e xogos novos
todos gustan un montón!**

**Ailalelo ailalelo,
Ailalelo ailalá**

**con libros e xogos novos
todos gustan un montón!**

**O Sistema Solar fixemos
durante varios días
con plastilina e aluminio
sonche unha marabilla!**

**Ailalelo ailalelo,
Ailalelo ailalá
con plastilina e aluminio
son unha marabilla!**

**Este ano o Nadal
tivemolo que aplazar
foi bastante diferente
pero o quixemos festexar.**

**Ailalelo ailalelo
Ailalelo ailalá
foi bastante diferente
pero o quixemos festexar.**

**Fixemos unha excursión
chegando ao cine de Seixo,
vimos un documental
e logo andando ao colexio**

**Ailalelo ailalelo,
Ailalelo ailalá
vimos un documental
e logo andando ao colexio.**

